



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

TABARÉS EMPRAZA A ELENA ESPINOSA A QUE EXPLIQUE DOS MAIS DE 400 MILLÓNS DE EUROS DA OCM CANTOS VAN VIR PARA GALIZA E LEMBRA QUE OS PRESIDENTES DAS CINCO D.O MANIFESTARON O NEFASTA QUE É A REFORMA PARA O PAÍS

Ourense, 10 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, quer emprazar á Ministra e candidata socialista Elena Espinosa a que manfeste dos máis de 400 millóns de euros da OCM cantos van vir para Galiza, pois até o de agora só veu o 1 por cento do total que lle correspondía ao Estado, “consencuencia de aplicar criterios que atinxen a outras zonas”.

Iago Tabarés manifesta a súa sorpresa polo entusiasmo amosado onte pola candidata socialista coa reforma da OCM, pois nela non se garante o mantemento dos dereitos de produción alén do 2018 nin a protección dos viños de calidade e lembrou que os presidentes das cinco denominacións de orixe galegas manifestaron que era a “espada de damocles” para as D.O do País.

O candidato nacionalista explica que a aposta do Ribeiro é, precisamente, os viños de calidade e non a produción en cantidade, pois neste sentido dificilmente podería competir con outras zonas como a Mancha, que si se benefician da actual reforma.

“A única realidade -dixo- é que quen aposta polo Ribeiro e polo sector vitivinícola é o BNG, cun plano dotado de máis de 23 millóns de euros só para esta denominación de orixe que, ademais, contempla aspectos novidosos como a inclusión dun plano de infraestructuras para as parcelas inferiores a mil metros , o que é realmente axeitado para a zona”.